

O PSOE vilalbés considera que as declaracións do alcalde sobre a Planta de Residuos constitúen “unha gravidade sen límites” e demostran o descoñecemento que Criado ten das instalacións municipais

Defenden que “o menos que tiña que ter feito o responsable municipal era personarse nas instalacións e dar as explicacións oportunas do que semella ser un roubo perfectamente organizado dunha infraestrutura, financiada con fondos públicos”

As fotos demostran que os piares dos soportes da planta foron cortados de raíz con sopletes. Por tanto, tal descoñecemento supón, segundo indican, “un signo máis que evidente de que ao Goberno vilalbés lle sobran días para pasar á Oposición”

VILALBA, 7 DE XANEIRO DE 2015.- O PSOE de Vilalba considera que a declaracións do alcalde sobre a desaparición da Planta de Residuos denunciada polos socialistas en días pasados constitúen “unha gravidade sen límites” e demostran que o rexedor “aínda non se enterou de que a Planta foi saqueada e de que non quedan restos dela”. Neste senso, defenden que “o menos que tiña que ter feito o responsable municipal era personarse nas instalacións e dar as explicacións oportunas do que semella ser un roubo perfectamente organizado dunha infraestrutura, financiada con fondos públicos”.

“Iso de exercer de alcalde as 24 horas do día non lle é suficiente para coñecer a realidade do concello, para defender as infraestruturas públicas e para defender e protexer os bens de titularidade municipal”, subliñan. E é que, indican, “o alcalde está ao que está, ás festas e ao paripé continuo. Vilalba non se merece un Goberno que mira para os intereses particulares unha e outra vez”, afirman.

“Ao alcalde sóbralle días para pasar á Oposición”

Asimesmo, pregúntanse “de que instalación fala cando di que ten un proxecto para sacarles proveito? Di que a esta infraestrutura se lle pasou o arroz, e nós dicimos que verdadeiramente a quen se lle pasou o arroz e a el”. Proba delo, aseguran, é que “nin o rexedor nin o concelleiro de Medio Ambiente, ambos os dous con dedicación exclusiva, se enteraron da desaparición completa da planta construída”.

As fotos demostran que os piares dos soportes da planta foron cortados de raíz con sopletes. Por tanto, tal descoñecemento supón, segundo indican os socialistas, “un signo máis que evidente de que ao Goberno vilalbés lle sobran días para pasar á Oposición”.